

A PRINCESA DA BOLSA DE PAPEL

o que escribiron as mulleres

Esta é a historia da princesa Elizabeth e o príncipe Ronald. Un día, cando os mozos namorados proxectaban con detalle o seu matrimonio, irrompeu en escena un gran dragón que prendeu lume ao castelo de Elizabeth e aos seus vestidos. Despois do estrago, o gran dragón fuxiu voando, levando consigo ao príncipe Ronald, transportado polos fandiños dos seus pantalóns. A princesa Elizabeth púxose furiosa. Encontrou unha bolsa de papel, vestiuse con ela e perseguiu ao dragón. A princesa enganou ao monstro facéndolle exhibir todos os seus poderes máxicos até que, á fin, o dragón ficou durmido. A princesa, rapidamente, entrou na cova do dragón para salvar a Ronald. Mais atopouse coa sorpresa de que o seu príncipe non quería ser salvado por unha princesa cuberta de feluxe e sen máis nada posto ca unha bolsa de papel. Elizabeth, estupefacta ante o repentino xiro dos acontecementos, diríxese ao seu amado coas seguintes palabras: "Ronald, o teu traxe é realmente bonito e o teu cabelo está moi ben peiteado. Pareces un verdadeiro príncipe, pero és un idiota". A historia acaba mostrando como a princesa se afasta, soa, baixo a posta de sol, ...e coas seguintes palabras: "Despois de todo, non casaron".

BRONWYN DAVIES, profesora da Escola de Educación de Wéstern Sidney , Australia; experta en Xénero e coeducación

(Da obra "Sapos e Cobras e contos feministas", recollido por NURIA VARELA en "Feminismo para principiantes")

Responde este conto aos papeis tradicionais atribuídos a homes e mulleres na nosa sociedade? Cal sería o final ao que nos ten acostumados este tipo de contos? Coidas que os contos inflúen na forma en que construímos a nosa identidade?

Dálle a volta aos roles de xénero e descubrirás se os contos, as películas, os chistes, os refráns,... describen a realidade ou a constrúen, é dicir, se serven para ensinar a rapaces e rapazas que cousas poden desexar, esperar ou facer. Repite esta inversión de roles con todas as situacións que se che ocorran, que vives a cotío: a última película que viches, os contos que coñeces desde pequena, as revistas "femininas" que les, os chistes sobre as mulleres e a súa incapacidade para entender as novas tecnoloxías...

Pensa se nos teus soños, nos teus planos de futuro, nas túas expectativas, inflúe esta aprendizaxe que chamamos socialización. As túas respostas serían as mesmas se foses do sexo contrario?

X U Ñ O

Ignoramos a nosa verdadeira estatura até que nos poñemos de pé.
Emily Dickinson

L	M	Me	X	V	S	D
						1 1843 Aparece La Unión Obrera, de Flora Tristán, socialista e feminista
2 1923 Nace a escritora alemá Meier Denninghoff	3 1906 Nace Josephin Baker, cantante e bailarina. Loitou contra o racismo e os nazis	4 1745 Nace Xosefa Xovellanos, 1ª escritora coñecida en Lingua Asturiana	5 Mercedes Núñez, comunista luguessa. Sobrevive aos cárceres franquistas e a un campo de concentración	6 1430 Nace Isabel de Villena. Na súa obra literaria defende a dignidade das mulleres	7 1876 Falece Aurore Dupin, "George Sand", novelista francesa	8 1903 Nace Marguerite Yourcenar, escritora, 1ª muller da Academia Francesa. "Alexis"
9 1793 Olympia de Gouges, defende aos xirondinos ante a Convención Nacional	10 1989 Aranxa Sánchez Vicario gaña o torneo Roland Garros	11 Durante séculos, a Santa Inquisición asasinou a mulleres transgresoras, "meigas"	12 1878 Nace Isabel Oyarzábal, actriz, escritora. Pertenceu ao Cons. Supremo Feminista	13 1900 Nace Mª Grubeshieva, escritora. Congr. Internacional de Escritores Antifascistas	14 1811 Nace Harriet Beecher Stowe. "Uncle Tom's Cabin", novela antiescravista	15 1990 As traballadoras da empresa IKE en Asturias inician un peche que durará catro anos
16 1963 Valentina Treshkova, 1ª muller astronauta, orbitou a Terra en 48 ocasións	17 1873 Nace Rosa Sensat Vilá. Mestre republicana defensora da Escola Nova	18 1386 MªCastaña confesa encabezar a revolta contra o bispo de Lugo por tributos abusivos	19 1945 Nace Aung San Kyi. Funda a Liga Nal. para a Democracia Birmana. Nobel da Paz	20 1933 Morre Clara Zetkin, destacada líder histórica da socialdemocracia alemá	21 Día Nacional en El Salvador por unha Educación non sexista	22 1926 Nace Marta Mata i Garriga, foi Presidenta do Consello Escolar do Estado
23 1962 Jacqueline Auriol, aviadora, bate o record do mundo feminino de velocidade	24 1927 Margarita Xirgu estrea en Barcelona "Mariana Pineda" de García Lorca	25 1870 A Raíña Isabel II abdica do trono español	26 1892 Nace Pearl S. Buck, escritora estadounidense. Nobel de Literatura en 1938	27 1729 Morre Elisabeth C. Jacquet, compositora francesa alcumada "marabilla do século"	28 Día Internacional do Orgullo de lesbianas, gays e transxuais	29 2003 Falece Katharine Hepburn, actriz estadounidense
30 2005 O Congreso aproba a "Lei de Reforma do Código Civil" que permite o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.						

